



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O 18 de xuño aprobaronse unhas bases para a contratación de 7 persoas para prestar o servizo temporal de Salvamento e socorrismo nas praias de Barreiros.

Desas 7 prazas unicamente se puideron cubrir 6, quedando unha vacante.

Para intentar cubrir esa praza vacante, acordase abrir un novo prazo de cinco días hábiles para que as persoas que cumpran os requisitos de formación e inscrición no Rexistro da Xunta de Galicia, presenten as súas solicitudes co fin de prestar este servizo durante o mes de agosto, nas mesmas condicións que se estableceron en aquelas bases.

Consonte o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e respectando os mínimos establecidos no Estatuto Básico do Empregado Público e Estatuto dos Traballadores, pola presente, **Resolvo:**

PRIMEIRO.- Abrir un novo prazo para que as persoas interesadas en cubrir a praza vacante no servizo de salvamento e socorrismo a financiar con fondos municipais, podan presentar as súas solicitudes, conforme as seguintes bases xa aprobadas o 18 de xuño, co fin de prestar este servizo durante o mes de agosto.

“BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE UNHA PERSOA PARA REALIZAR O SERVIZO TEMPORAL DE “SALVAMENTO E SOCORRISMO NAS PRAIAS DE BARREIROS”.

1ª.- Obxecto. As presentes bases teñen por obxecto a contratación laboral temporal de unha persoa, para realizar a obra ou servizo denominada “Salvamento e socorrismo nas praias de Barreiros”, ata o 31 de agosto, a xornada completa (inclúese traballo en sábados, domingos e festivos), mediante contrato temporal de obra ou Servizo.

As condicións concretas do posto de traballo serán as seguintes:

- contrato temporal por obra ou servizo.
- duración ata o 31 de agosto
- o contrato será a xornada completa, de 37,5 horas semanais, cos descansos legalmente establecidos, podendo traballar os sábados, domingos e festivos. Dependendo das necesidades do servizo poderá establecerse, en todos ou en algún caso, horario partido, con descanso para a comida. Os traballadores, de forma voluntaria, poderán facer as horas extras que se lle proponían por parte do coordinador do servizo.
- o horario de prestación do servizo de salvamento e socorrismo en praias en Barreiros será de luns a domingo de 12 a 19 horas. Dentro dese horario o coordinador do servizo establecerá os horarios, os turnos e a ubicación que correspondan a cada traballador, cumprindo coas condicións legais do contrato.
- o salario bruto mensual será de 1.153,77 €, que inclúe a parte proporcional das pagas extras.
- á finalización de contrato abonaráse tamen a indemnización de fin de contrato legalmente establecida, a liquidación por vacacións non disfrutadas e as horas extras que voluntariamente faga cada traballador e que non podan compensarse con horas libres.
- dentro das funcións do contrato, a maiores das labores normais de salvamento e socorrismo en praias, deberán realizar as labores de colocación e revisión do material empregado en ditas labores de salvamento e socorrismo, a indicacións do coordinador do servizo.
- o concello facilitará os materiais necesarios para que podan realizar de forma correcta as súas funcións.

2ª.- Financiación. Esta contratación financiarase con fondos propios municipais.



3º.- Forma de Selección. A selección farase en base a criterios obxectivos e recollerase na correspondente acta elaborada e asinada pola secretaria-interventora que dará fé dos datos recollidos na mesma.

4ª.- Presentación de solicitudes. O concello publicará as bases no taboleiro de anuncios municipal e na páxina web para que as persoas interesadas podan presentar a súa solicitude ata o día 1 de agosto. Os aspirantes deberán estar en posesión do curso de salvamento e socorrismo acuático, así como o de primeiros auxilios e estar inscritos no Rexistro de socorristas de espazos acuáticos naturais da Xunta de Galicia.

5ª.- Admisión de Aspirantes. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, realizarase a selección dos aspirantes, conforme ós seguintes criterios obxectivos:

- En primeiro lugar seleccionaranse a todos os menores de trinta anos, tendo preferencia os de menor idade sobre os de maior idade e a igual idade, tendo preferencia as mulleres sobre os homes.

- En segundo lugar, si non se cubren así todas as prazas, seleccionaranse ós maiores de trinta anos, tamen tendo preferencia os de menor idade sobre os de maior idade, e as mulleres sobre os homes.

- En caso de empate realizaranse probas físicas acordes cos servizos a prestar. Estas probas poderán realizarse igualmente para acreditar a condición física dos aspirantes, si así se considera necesario polo coordinador do servizo.

6ª.- Órgano de Contratación. a Alcaldesa da Corporación, á vista da valoración de todo o proceso, dictará resolución acordando a contratación da persoa que considere máis axeitada.”

Segundo.- Publicar as bases no taboleiro de anuncios do concello así como na páxina web para que todos os interesados/as podan presentar as súas solicitudes no prazo indicado dende a publicación de dito anuncio.

Terceiro.- A entrevista de selección farase o día 2 de agosto a partir das 10 horas.

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.